Estes colectivos, integrados por escolares comprometidos coa protección da contorna, dedican parte do seu tempo a velar polo bo estado das aulas, do patio e dos distintos recunchos do recinto escolar, levando a cabo igualmente unha tarefa formativa e de concienciación dirixida a os seus compañeiros. En moitos casos, tamén estenden o seu plan de acción más aló da escola, chegando coas súas mensaxes a outros grupos sociais

e ás súas familias. Son a alma do programa “Recíclate con Sogama”.

A próxima, e última, visita de seguimento será en maio e na mesma analizarase a calidade dos residuos depositados nos contedores que conforman as illas de reciclaxe.

Na presente edición do programa participan un total de 25 colexios de primaria de toda Galicia a fin de incorporar a sostibilidade ás aulas. ●

Lista de colexios participantes

[Volver á portada](#)

12



Medio milleiro de visitas no último mes

A expectación en torno ao resultado final da ampliación é a tónica habitual entre os grupos

Máis as limitacións propias das obras que se están levando a cabo no Complexo Medioambiental de Cereda, os colectivos sociais non queren perder a oportunidade de coñecer de preto a actividade da empresa pública e os pormenores do que será a Sogama do futuro. En total, medio milleiro de visitas de distintos perfís académicos pasaron polo recinto cercedense no último mes.

Foron habituais as visitas de grupos escolares de primaria e de secundaria, e tamén de colectivos más específicos como é o caso do alumnado Senior da Escola de Enxeñería Superior Industrial de Vigo, a Escola de Forestais de Pontevedra e estudantes do Máster en Xestión do Desenvolvemento



As visitas dos escolares son as más habituais.

Sostible, pertencente tamén á Universidade de Vigo.

A expectación en torno ao resultado final da ampliación é a tónica habitual por parte dos interesados. A través de

distintos recursos, explícaselles en que consiste esta mellora e que resultados traerá consigo. Incluso delegacións de distintas partes do mundo manifestaron o seu interese en visitar a nova planta. ●

Un manual de compostaxe doméstica e industrial pon en valor as múltiples aplicacións da materia orgánica

A publicación tamén se pode visualizar na web de Sogama

Sogama, en calidade de socio do proxecto europeo de cooperación transfronteiriza Res2ValHum, editou un manual de compostaxe a través do cal pretende divulgar este concepto entre a cidadanía, dando a coñecer igualmente as súas bondades.

A través de sete bloques temáticos, nutridos con gráficos e ilustracións inéditas, abórdanse cuestións de grande interese tales como a problemática representada pola elevada xeración de residuos, marco normativo de referencia, características e beneficios da compostaxe, e aplicacións do abono resultante.

Tamén se tratan cuestións como o potencial do compost máis aló do seu uso como fertilizante para solos xa que o produto conta cun interese potencial no ámbito da cosmética e de accións terapéuticas diversas.



O deseño do manual está feito coa técnica da filigrana.

Aínda que orientado fundamentalmente a técnicos e cargos políticos municipais, centros educativos de secundaria e de Formación Profesional, universidades e profesionais vinculados ao sector dos residuos, así como ao propio sector agrícola e de xardinaría, resulta asequible para calquera cidadán interesado nesta cuestión.

Conto infantil

Tamén no marco de Res2ValHum, Sogama editou en formato dixital o libro "Aqueles monstros anciáns que viven baixo a terra" que distribuíu entre os escolares de infantil e de primaria de Galicia e tamén se pode visualizar na súa web.

O principal obxectivo de Res2ValHum é poñer en valor a materia orgánica. Participan no mesmo un total de 7 socios (4 portugueses e 3 galegos). Por parte de Portugal, a Universidade do Minho, que actúa como líder desta iniciativa, CVR, LIPOR e BRAVAL. E, por parte de Galicia, Sogama, USC e CVAN. A nivel xeral, está integrado no programa INTERREG V-A España-Portugal (POCTEP) 2014-2020. ●

Manual de compostaxe doméstico e industrial

Conto infantil sobre a compostaxe

[Volver á portada](#)



Cincuenta familias de Frades e Santiso intégranse no programa de compostaxe doméstica de Sogama

En Ribadumia, Lourenzá e Barbadás hai 80 novas vivendas participantes

Os concellos coruñeses de Frades e de Santiso decidiron adherirse ao programa de compostaxe doméstica de Sogama co fin de propiciar a recuperación da materia orgánica en orixe. Un total de 50 vivendas unifamiliares, 25 de cada municipio, que disponen de terreo (xardín ou horta) no que aplicar o compost resultante, forman xa parte desta iniciativa.

A Sociedade Galega do Medio Ambiente subministrou a cada ente local 25 composteiros, de 400 litros de capacidade e fabricados con materiais reciclados e reciclables, para entregárllos ás familias.

Pola súa banda, os concellos de Ribadumia (Pontevedra), Lourenzá (Lugo) e Barbadás (Ourense) tamén ampliaron os seus programas de autocompostaxe coa axuda de Sogama. A empresa



pública repartiu entre os mesmos un total de 80 composteiros.

Formación extra

Como é habitual, Sogama tamén envía aos Concellos manuais didácticos de apoio para entregar

aos usuarios e imparte cursos de formación presenciais para explicar o procedemento a seguir e clarificar dúbdas.

Toda a información sobre a compostaxe doméstica en www.compostaconsogama.gal.

Multimedia



Un pícnic entre amigos

Mirade que sol tan fermoso! Maio adoita regalarnos días magníficos e que mellor que facer un pícnic ao aire libre para aproveitálos. Iso si, levando vasos e pratos de louza, non de plástico dun só uso... Mirade como fan os Trebón! ●

Mira aquí o ecoconto Planeta Verde (capítulo 4o)

Formación online no marco de Res2ValHum

CONTENIDOS FORMATIVOS SOBRE GESTIÓN DE RESIDUOS Y COMPOSTAJE

O proxecto europeo Res2ValHum imparte formación online para todos os interesados. Sogama, en calidade de socio, foi a encargada de producir os contidos (en castelán e portugués), que estarán accesibles tanto no seu sitio web, www.sogama.gal, como no site do propio do proxecto www.res2valhum.org.

A través de dez temas abórdanse cuestións de grande interese tales como a problemática representada pola alta xeración de lixo nas sociedades modernas, a necesidade de construír unha sociedade europea da reciclaxe e avanzar cara ao vertido cero, o marco normativo de referencia, os pormenores do modelo Sogama e o paquete europeo de

economía circular, debullando a compostaxe desde distintas perspectivas e enfoques. No marco deste mesmo proxecto, tamén se [publicou un vídeo](#) que divulga as bondades da compostaxe industrial e doméstica dunha forma amena, así como un xogo online. Podes ver todo o material na seguinte ligazón. ●

Material divulgativo do Res2ValHum

Volver á portada



Sé máis intelixente que o teu smartphone

Os teléfonos intelixentes revolucionaron non só o sector das telecomunicacións, senón os nosos propios hábitos de comportamento e relación cos demás.

Con todo, case nunca reparamos no impacto que, para o medio ambiente, supoñen estes sofisticados dispositivos electrónicos. A fabricación dun smartphone representa o 80% da súa pegada de carbono, mentres que o seu uso alcanza o 16% e o seu transporte implica o 4% restante.

O progresivo acurtamento da vida útil dos móveis intelixentes, cuxa taxa de renovación non deixa de aumentar progresivamente, é un exemplo perfecto de consumo insostible. Só en 2016 se refugaron no mundo unhas 435.000 toneladas deste tipo de teléfonos.

Reutilizar, revender e reciclar son xestos que contribúen a mitigar o problema, precisándose igualmente do deseño de dispositivos electrónicos realmente sostibles e duradeiros. Só así lograremos facer un uso sostible dos mesmos e poñelos en valor unha vez finalizada a súa vida útil. ●




Fonte e imaxe: ONU Medio Ambiente

Di non ás palliñas de plástico!

A vida útil das palliñas de plástico é moi limitada. Úsanse só uns minutos, o tempo que se tarda en beber un refresco ou un leite con cacao. Moitas acaban tiradas, contaminando mares e ríos, onde tardan máis dun século en degradarse.

Se non podes prescindir delas, opta por versións de metal ou fibras naturais. Actúa e participa na campaña #MaresLimpos da ONU Medio Ambiente. ●



[Ver vídeo da ONU Medio Ambiente](#)

Os bosques son un tesouro

Máis da metade da poboación mundial vive en áreas urbanas e para 2050, prevese que sexa o 70 por cento. Estas cifras son o reflexo dunha realidade. As persoas están cada vez más desvinculadas da natureza e carecen da concienciación e da comprensión polos bosques, dos seus beneficios e da necesidade de xestionalos de maneira sustentable.

Aprender a entender estes ecosistemas e proporcionarlle aos nenos os fundamentos para comprender mellor a súa importancia, é un paso crítico para salvagardar os recursos naturais para as xeracións futuras. Esta foi, precisamente, a mensaxe que a Organización das Naciones Unidas para a Alimentación (FAO) lanzou con motivo do Día Internacional dos Bosques 2019 o pasado 21 de marzo.

Dá o paso e coñece este patrimonio natural en perso! ●



Fonte e imaxe: FAO

[Ver vídeo Día Internacional dos Bosques 2019](#)

[Volver á portada](#)

Eventos

O congreso ISWA 2019 recibe preto de medio milleiro de *papers*



ISWA 2019, o congreso internacional por excelencia no ámbito dos residuos, arranca cun aperitivo inmellorable. A organización recibiu preto de medio milleiro de *papers* que serán analizados, avaliados e seleccionados por un Comité Científico e Técnico no que se integran 40 expertos internacionais de recoñecido prestixio. A seguinte fase consiste en identificar as propostas de maior interese que conseguirán facerse un oco na próxima edición.

Máis da metade dos *papers* recibidos proceden de países europeos, distribuíndose o resto entre Sudamérica, Asia, África, Norteamérica e Oceanía.

Esta edición, a número 29, terá lugar en Bilbao entre os días 7 e 9 de outubro do ano en curso (Pazo de Congresos Euskalduna). O prazo de inscrición para a asistencia a este evento, no que se agarda a participación de 1.500 expertos, xa está abierto.

ATEGRUS, á súa vez Membro Nacional de ISWA en España, asume a organización do congreso, punto de referencia para o sector dos residuos e para a sostibilidade do noso país no seu concxunto.

Toda a información en
<https://iswa2019.org/>

Ecoalf e Ecoembes transforman 140 toneladas de lixo mariño en tecidos

No marco do proxecto "Upcycling the Oceans", promovido conxuntamente pola Fundación Ecoalf e Ecoembes co loable fin de loitar contra o lixo mariño, lograron retirar 140 toneladas de residuos dos fondos mariños só en 2018. Foi grazas á actividade destas dúas entidades e á inestimable colaboración de 2.534 pescadores, os cales estiveron ao fronte de 550 barcos de arrastre localizados en 37 portos de Galicia, Cataluña, Comunidad Valenciana, Andalucía e Rexión de Murcia.

O principal obxectivo desta iniciativa foi recoller os residuos mariños co fin



de reciclarlos e transformalos en materia prima de utilidade, neste caso en fío de primeira calidade para a fabricación de tecidos, así como

levar a cabo un labor de formación e concienciación cidadá sobre a grave ameaza que supón arrojar lixo ás contornas naturais. ●

Fonte: Ecoembes
Imaxe: Pixabay

[Volver á portada](#)

17

Eventos



A campaña “Mares limpos” xa custodia máis do 60% das costas do mundo

A campaña “Mares limpos” xa conta coa adhesión de 60 países que custodian máis do 60% das costas do mundo. Antigua e Barbuda, Trinidad e Tobago, e Paraguay foron os tres últimos en adherirse a esta iniciativa lanzada en 2017 pola ONU Medio Ambiente co obxectivo de protexer os océanos do lixo mariño e prescindir do plástico dun só uso. É a maior alianza na loita contra a contaminación por plásticos.

En xeral, unha vintena de países de América Latina e do Caribe forman parte da mesma, tendo destacado xa no seu momento polas súas boas prácticas ambientais no uso racional do plástico. De feito, en 2016, Antigua e Barbuda converteuse no primeiro país de América Latina e do Caribe en prohibir as bolsas de plástico dun só uso e agora traballa para eliminar os produtos desbotables de poliestireno.

As tres novas adhesións tiveron lugar durante a Cuarta Asemblea das Naciones Unidas para o Medio Ambiente, celebrada a mediados de marzo en Nairobi. Aquí, representantes de 170 países deronse cita para elaborar unha nova folla de ruta que permita a prosperidade do planeta, pero sen comprometer os seus recursos naturais, garantindo o benestar das próximas xeracións. ●



Fonte e Imaxe: ONU Medio Ambiente

Ratificada a prohibición do plástico dun só uso a partir de 2021

Os plásticos dun só uso tales como pratos, cubertos, paliñas e bastonciños quedarán prohibidos na Unión Europea en menos de dous anos, a partir de 2021. Así o aprobou na última semana de marzo o Pleno do Parlamento tralo acordo alcanzado co Consello da Unión Europea por 560 votos a favor, 35 en contra e 28 abstencións.

Establécese tamén novos obxectivos de reciclado, quedando obligados os Estados membros a recuperar en 2025 o 25% das botellas plásticas, subindo esta porcentaxe ata o 30% en 2030 e ata o 90% no ano 2029.

Refórzase ademais o principio de “quen contamina paga” e outorgase maior responsabilidade aos fabricantes de aparellos de pesca, que deben asumir o custo da recollida de redes perdidas no mar.

Igualmente, os fabricantes terán que incluír no etiquetado dos produtos as advertencias sobre o impacto ambiental dos mesmos. ●



Fonte: Parlamento Europeo
Imaxe: Pixabay

[Volver á portada](#)

18

Eventos

Nova campaña contra o abandono de plásticos liderada por SEO/ BirdLife e Ecoembes

Enmarcada no proxecto Libera e, co título "Non abandones más plásticos", os promotores queren chamar a atención dos cidadáns para que tomen conciencia sobre o impacto que os plásticos abandonados na natureza teñen para o medio ambiente e a saúde das persoas. Non en van, unha das mensaxes desta iniciativa é que "Os plásticos que abandonas poden acabar en calquera lugar da natureza. Por exemplo, no teu corpo".

Segundo un estudo, o 79% de todos os plásticos creados desde as súas orixes, hai 150 anos, atópanse abandonados en contornas naturais de todo o mundo ou ben en vertedoiros, un grave problema ambiental que ameaza a biodiversidade, chegando ata a entrar na cadea alimenticia.

As campañas de ciencia cidadá do Proxecto Libera lograron caracterizar 109.000 residuos



recollidos da natureza, entre os que destaca a alta presenza de plásticos (cabichas, envoltorios, toalliñas, bolsas). O fin último é apelar á colaboración de todos os sectores para solucionar un problema no que a economía circular constitúe a única garantía de futuro. ●

Fonte e imaxe: Proxecto Libera

Novos estándares para xestionar as toalliñas e o papel hixiénico húmido

No marco do Día Mundial da Auga, celebrado o 22 de marzo, a Asociación Nacional de Perfumería e Cosmética (Stanpa), que agrutina aos principais fabricantes de toalliñas e de papel hixiénico húmido, presentou unha serie de medidas a través das cales se pretende mellorar a avaliación técnica dos artigos e a propia información dispensada ao consumidor sobre a forma correcta de refugar estes produtos para evitar o seu negativo impacto sobre o medio ambiente. Entre as devanditas medidas atópase o "Código de boas prácticas de etiquetado de toalliñas e de papel hixiénico húmido".

A fin de guiar os bons comportamentos cívicos, a Asociación Española de Normalización (UNE) tamén publicou unha norma específica sobre produtos desbotables no inodoro, debendo cumplir unha serie de criterios en materia de composición, sedimentación, dispersión, desintegración e biodegradación. Igualmente, a norma establece o marcado, etiquetado e mensaxes a utilizar nos produtos que cumplan co estándar para asegurar que só acaban no inodoro os que realmente sexan desbotables. Aínda que se conceptúen como biodegradables, as toalliñas provocan atascos no inodoro e serias incidencias nos sistemas de saneamento das cidades.



As compañías e grupos que comercializan toalliñas e papel hixiénico húmido contarán cun prazo de 18 meses para implementar o novo etiquetado, circunstancia que será supervisada por Stanpa e Autocontrol. ●

Fonte e imaxe: Stanpa

[Volver á portada](#)

Eventos



“Let's Clean Up Europe” convoca tres días de limpeza colectiva en espazos públicos do 10 ao 12 de maio

Unha nova edición de “Let's Clean Up Europe” chama á colaboración cidadá do 10 ao 12 de maio. Particulares e entidades poden sumarse a esta limpeza de espazos públicos e contribuír á creación de conciencia en torno á grave problemática que supón o abandono de lixo.

A Semana Europea da Prevención de Residuos actúa como coordinadora desta actividade e proporciona as pautas a seguir para participar na mesma. Con tal fin, os interesados deben identificar previamente o lugar obxecto de limpeza na web www.ewwr.eu onde tamén deben rexistrar a acción, definir o equipo e os medios cos que contará e proceder á súa promoción.

O propio día da limpeza, e trala recollida de residuos, recoméndase proceder á clasificación e caracterización dos mesmos. A partir de aí, invítase a que os participantes se fagan eco e compartan ideas vinculadas ao principio comunitario dos tres erres.

Trala actividade, a organización invita a que os participantes envíen os seus informes, relatando a experiencia e ilustrándoa co fotos e vídeos. ●



Fonte: www.ewwr.eu

Eventos _CURIOSIDADES



Incremento dun 12% na reciclaxe dos envases lixeiros e de papel/cartón

A achega á reciclaxe dos envases lixeiros e de papel/cartón incrementouse un 12% en España. Así se recolle nos datos feitos públicos recentemente por Ecoembes e correspondentes a 2018.

En xeral, cada español separou e introduciu no contedor amarelo 15,7 quilos de envases de plástico, latas e briks, e 18,1 quilos no contedor azul de envases de papel e cartón, posibilitando a reciclaxe de 1.453.123 toneladas de materiais e, en consecuencia, evitando a emisión de 1,6 millóns de toneladas de CO₂ á atmosfera.

A fin de facilitar a tarefa da poboación, Ecoembes instalou o ano pasado 10.020 novos contedores amarelos e azuis, sumando así un total de 601.144 distribuídos polo conxunto do país (383.974 amarelos e 217.170 azuis), permitindo que o ratio sexa actualmente dun contedor por cada 162 habitantes.

Adicionalmente, tamén se instalaron 7.400 novos puntos de reciclaxe en espazos cunha alta concentración de persoas tales como estadios deportivos, hospitais, aeroportos, oficinas e recintos de lecer, incluíndo o sector da hostalaría e da restauración, entre outros.



Así mesmo, impulsouse a innovación e a educación como elementos clave na consecución dunha maior reciclaxe. Entre outros exemplos están TheCircularLab, o centro de innovación de Ecoembes no ámbito da economía circular, o asistente A.I.R-e ou o proxecto Libera. ●

Fonte: Ecoembes

Alimentos espidos nos supermercados de Nova Zelandia



"Alimentos espidos" é unha iniciativa para reducir residuos e loitar contra o plástico dun só uso que chega desde latitudes austrais. Desprender a comida dos seus envases foi a decisión adoptada por varios supermercados de Nova Zelandia que, en compensación, dispararon ata un 300% as vendas de hortalizas. Os promotores, do supermercado New World en Bishopdale (Christchurch), defenden que con este sistema de comercialización os clientes poden gozar do olor dos cítricos frescos e das hortalizas de primavera.

O proxecto contemplou a instalación de novos sistemas de refrixeración para exhibir froitas e hortalizas frescas, xunto cun proceso coñecido como

"nebulización" para axudar a manter en bo estado dos artigos, e de osmose inversa para tratar a auga eliminando o 99% de todas as bacterias e o cloro.

Ademais, New World está ensaiando outra idea en varias tendas que consiste en que os clientes usen contedores BYO para carne e mariscos, ademais de incentivar alternativas ás bolsas de papel de mariscos e ás bandexas de chacinaría a base de fibra.

A través da Declaración de Embalaxe de Plástico de Nova Zelandia, os establecementos comprométense a facer que o envasado dos produtos sexa 100% reutilizable, reciclable ou compostable para 2025. ●

Fonte e imaxe: www.nzherald.co.nz

[Volver á portada](#)

Eventos _CURIOSIDADES



2020, proclamado Ano Internacional da Sanidade Vexetal

O próximo ano 2020 foi proclamado pola FAO e a Secretaría da Convención Internacional de Protección Fitosanitaria (CIPF) Ano Internacional da Sanidade Vexetal. Adicionalmente, novas resolucións da ONU crearon outros dous días mundiais relacionados, o das legumes (10 de febreiro) e o da inocuidade alimentaria (7 de xuño).

Co primeiro preténdese render homenaxe a un alimento saudable, nutritivo, rico en proteínas, vitaminas e minerais, e cunha notable contribución á producción agrícola sostible. Co segundo quérrese chamar a atención sobre os prexuízos que, sobre a saúde, están a ocasionar os alimentos nocivos.

Pola súa banda, o Ano Internacional da Sanidade Vexetal ten por obxecto evidenciar a necesidade de combater as enfermidades que afectan ás plantas e que supoñen un gasto económico de preto de 220.000 millóns de dólares anuais no mundo. ●



Fonte: FAO

Imaxe: Pixabay

Solucións ambientais innovadoras *made in* América Latina

Os mozos de América Latina pisan forte no ámbito da innovación ambiental. ONU Medio Ambiente comparte catro experiencias que poderían servir de exemplo a seguir, axudando a construír un planeta más sostible.

É o caso do Scott Munguía, oriundo de México, que decidiu producir bioplásticos a partir de sementes de aguacate, ou Inty Gronneberg, de orixe ecuatoriano, que ideou unhas turbinas capaces de filtrar e reter o plástico nos ríos antes de que cheguen ao océano.

Pola súa banda, os chilenos Roberto Astete e Cristian Olivares, fundadores de Solubag, presentaron unha bolsa plástica que se desintegra na auga en poucos minutos, mentres que un grupo de estudantes e docentes da Universidade de ORT Uruguay creou "A Casa Uruguai", un proxecto de vivenda sostible e intelixente. ●

Fonte: ONU Medio Ambiente
Imaxe: Pixabay



[Volver á portada](#)

22

Eventos _CURIOSIDADES



Como vivir con menos plástico?

O desmesurado consumo de plástico dun só uso tense convertido nunha ameaza para o medio ambiente. E que podemos facer cada un de nós para axudar a paliar esta situación? A campaña de @GaliciaSostible proporciona 10 sinxelos consellos para que aprendamos a vivir con menos plástico.

- 1.- Evita as bolsas de plástico dun só uso para facer a compra; leva a túa propia bolsa reutilizable e reciclable.
- 2.- Non compres botellas de plástico; no seu lugar, utiliza termos.
- 3.- Para tomar café usa unha cunca reutilizable.
- 4.- Non leves a túa comida en envases desbotables; mellor nun recipiente reutilizable.
- 5.- Evita as cafeteiras de cápsulas monodose.
- 6.- Descarta os cubertos de plástico e recupera os tradicionais de aceiro ou aluminio.
- 7.- Di non ás palliñas de plástico.
- 8.- Reduce o uso de xoguetes fabricados con plástico.
- 9.- Unha vez esgotada a vida útil dos teus aparellos electrónicos, propicia o seu reciclado.
- 10.- Comparte estes consellos, cos teus amigos, a túa familia, nas redes sociais,...



O mellor residuo é o que non se produce, pero cando xa o xeramos, é a nosa responsabilidade para co planeta e os nosos semellantes depositalo correctamente no punto de destino para que reciba o tratamento correcto. ●

Imaxe e fonte: @GaliciaSostible

Valorización dos residuos de poliuretano para a construcción



No marco do proxecto europeo LIFE-REPOLYUSE, que coordina a Universidade de Burgos, investigase, a través de técnicas innovadoras e novedosas, a valorización dos residuos de poliuretano mediante a súa reutilización como materiais de construcción, concretamente en matrices de xeso. Os investigadores xa comprobaron e avaliaron unha

resistencia mecánica axeitada do novo material, así como unha redución da conductividade térmica nun 33% e unha reducción no peso nun 31%.

En 2017 xeráronse na Unión Europea máis de 700.000 toneladas de poliuretano, das cales se estima que un 27% acaba en vertedoiro, co conseguinte negativo impacto sobre a contorna. ●

Fonte: Residuos Profesional
Imaxe: Pixabay

[Volver á portada](#)

23

Eventos _CURIOSIDADES



Ecodeseño para reducir o peso dos envases de medicamentos

O peso medio global dos 1.450 millóns de envases de medicamentos postos no mercado o pasado ano reduciuse nun 1,48%. Isto foi posible grazas ás más de cien medidas de codeseño aplicadas por 49 laboratorios farmacéuticos e que se suman ás 2.266 iniciativas que a industria farmacéutica levou a cabo xa no ámbito do codeseño e prevención de envases nos seis anteriores Plans Empresariais de Prevención desenvolvidos desde 2000.

A redución de peso do 1,48% é especialmente significativa se se ten en conta o obxectivo recollido no PEP 2018-2020, que contemplaba, atendendo ás limitacións técnicas e normativas ás que se enfronta a industria farmacéutica neste campo, unha redución do peso global dos envases de medicamentos do 1% ao longo dos tres anos. ●



Chefs contra o desperdicio alimentario

Os cociñeiros profesionais desempeñan un papel crucial na promoción de dietas saudables e na redución do desperdicio alimentario. Así quedou patente no simposio internacional celebrado en París o pasado 22 de marzo e organizado pola FAO, a UNESCO e o goberno francés durante o evento gastronómico "Gout France".

Durante o encontro presentouse a publicación "Os chefs como axentes de cambio" na que se pon de relevo a súa capacidade para promover unha alimentación equilibrada e culturalmente diversificada a base de alimentos frescos, contra o desperdicio alimentario e a obesidade. ●

Fonte: FAO
Imaxe: Pixabay



[Volver á portada](#)

24

Receitario

A comida evoca o bo tempo

En maio xa temos ganas de bo tempo e de verán. Que mellor anticipar que preparar un menú con toques estivais e se é tan sinxelo coma este, mellor que mellor! Como nas anteriores ocasións, os pratos que vos propoñemos están recollidos do receitario con sobras de comida editado polo Penal de Monterroso "Sabroso reciclaje". Podedes velo na nosa web e se preparades algúna receita, compartide as fotos con todos nós nas nosas redes sociais!

Ensalada de polo e sardiñas



Ingredientes reciclados:

- Sardiñas rotas
- Pan reseso
- Polo sobrante



Elaboración:

1. En primeiro lugar, facer a salsa machucando o allo e mesturándoo ben co ovo e co aceite. Reservar.
2. Prepara a ensalada coas sardiñas, o polo cortado en xuliana, a leituga, o pan frito en tiras e os liscos de queixo cortados en tiras.
3. Regar coa salsa e listo!



Outros ingredientes:

- Ovo
- Allo
- Aceite
- Leituga
- Queixo en liscos



[Volver á portada](#)

25

Receitario

Calzone de friame



Ingredientes reciclados:

- Restos de friame con mala presentación (esquinas, final da barra, etc.)



Outros ingredientes:

- Fariña
- Ovo
- Aceite
- Auga
- Lévedo



Elaboración:

- Cortar o friame en anacos.
- A continuación, facer a masa da pizza con fariña, ovo, aceite, auga morna e lévedo.
- Unha vez estea fermentada, estirar a masa e darrillar forma circular.
- Verter o recheo dunha das metades e tapar coa outra, cerrando ben os extremos para que non se abra, como se fose o bordo dunha empanada.
- Cocer a uns 180º ata que a masa colla un bonito color dourado.
- Unha opción de presentación é napar con salsa de tomate e adorar con espárragos e olivas.



Compota de mazá



Ingredientes reciclados:

- Mazás pasadas



Outros ingredientes:

- Auga
- Azucré
- Nata



Elaboración:

- Limpar as mazás, pelalas, sacarles o carozo e cocelas en auga cun pouco de azucré ata que queden brandiñas.
- Trituralas coa batedora para que queden coa mesma textura e sen bolos.
- Botar esta mestura no prato ou no bol que se vaian presentar.
- O toque da decoración pode ser un pouco de nata montada e unha flor feita coa monda das mazás.



Volver á portada